

## Rosalía en Cernuda

RAMIRO FONTE

Vinte e pico anos de lector non son nada; sobre todo se un intenta estar acompañado de bos versos e non de mala prosa. Hai poetas ós que nunca deixamos de volver, como se formasen parte das nosas conviccións e do noso carácter; como se eles marcaran o destino dos nosos propios versos. Nunca acabamos de los. Sempre lles atopamos algo novo. A curiosidade intelectual fainos escoitar voces inéditas, distintas. Exploramos a quen ou alén é, sen embargo, non deixamos que se apaguen as voces esenciais. Rosalía e Cernuda pertencen, para min, a esa categoría de poetas-guía, que non bardos. Xunto ó lector anónimo, ó que nunca lle veremos o rostro, xustifican unha tarefa, e protexenos dos cantos celestiais ou dos enredados canónes académicos.

Habia anos que non lía o texto que Luis Cernuda escribiu sobre Rosalía de Castro. Forma parte dun libro publicado polo andaluz errante no ano 1957, *Estudios de poesía española contemporánea*. Levado por un ánimo comparatista, volvían achegarme a el este día. Por fin caeu nas miñas mans o libro que Pedro Salinas escribiu sobre Rubén Darío, e quería contrastar, unha vez máis, o distinto xeito que Salinas e Cernuda teñen de exercer o saudable uso da crítica. Os dous amosan un temperamento anglosaxón, saben ser claros e deixan ver,

# Cultura

Nº 1.055  
Do 7 ao 13 de novembro de 2002  
Ano XXV

25

## A tradución reúne os escritores galegos, vascos e cataláns en Mallorca

'Romper fronteiras', lema do XIX Galeuzca que comeza o día sete

A.N.T.  
A tradución será o tema central do encontro que cada ano celebran os escritores galegos, vascos e cataláns. Nesta XIX edición do *Galeuzca* os autores daranse cita en Palma de Mallorca xa que nesta ocasión son os escritores en lingua catalana os encargados de organizar o certame. A delegación galega parte o día 7 e estará de regreso o 10.

O tema que convoca este ano os escritores en galego, catalán e vasco adáptase de maneira especial ao espazo no que se celebra o encontro. Se a tradución entre as linguas é unha reclamación que xa se fixo patente en anteriores *Galeuzcas* é precisamente o goberno balear o que iniciou unha política máis decidida neste terreo. Nos últimos meses presentáronse unha moza de libros de poetas e autores dramáticos das illas traducidos ao galego. O escritor e traductor Xavier Rodríguez Baixeras, un dos protagonistas desta comunicación, da súa autoría son boa parte destas traducións de auto-

res baleares. Será o participante galego nunha das mesas redondas que aborden os novos espazos de tradución entre as linguas. Miguel Anxo Fernán Vello, editor, entre outros, de numerosos poetas baleares en colaboración co goberno das illas e Xulián Maure son os outros participantes nos debates.

Como nas edicións anteriores, os *Galeuzcas* reservan tamén o espazo para o coñecemento do territorio onde se celebran e para o encontro literario entre as tres linguas. Os escritores realizarán un roteiro literario arredor da figura de Ramón Llull. A tradicional *vaz* dos poetas sumaranse a



Iolanda Castaño, secretaria da AELG.

de narradores e autores dramáticos. Rivadulla, Corcón, Marilar Aleixandre, Emma Couceiro e

Xabier Cordal serán os participantes galegos neste recital que conxuga os tres xéneros literarios. A delegación galega completa a súa participación dos membros da directiva da Asociación Galega de Escritores, Bernardino Graña, Iolanda Castaño, Cesáreo Sánchez, Carlos López Bernárdez, Marta Dacosta e Xosé Francisco Fernández Naval ademais dos escritores Euloxio Ruibal e Camilo Franco.

A secretaria da AELG, Iolanda Castaño, considera que será este un encontro con especial transcendencia xa que "é necesario reforzar os lazos e establecer vías de comunicación entre literaturas minorizadas". Ao seu ver a actuación do goberno balear en política de tradución "foi modélica cunha implicación real e cunha conciencia do patrimonio que supón a literatura. Tería que ser un exemplo para outros gobernos".

## Chus Pato, M<sup>a</sup> X. Queizán e Helena González participan en Granada no VII Encontro de Mulleres Poetas

A.N.T.  
Tres galegas participan no VII Encontro de Mulleres Poetas que

En 1996 M<sup>a</sup> Xosé Queizán promoveu en Vigo o I Encontro de Mulleres Poetas e desde ese

momento as mulleres poetas, teóricas e críticas doutros países e inclusive doutras culturas

está de autoría feminina e para a presente edición resáltase de ma-